

Nº 1618

PUBRICAZÓNS do  
SEMINARIO de ESTUDOS GALEGOS  
SEIZÓN de PREHISTORIA  
DIRIXIDA POR FLORENTINO L. CUEVILLAS  
e SEIZÓN de ETNOGRAFÍA e FOLKLORE  
DIRIXIDA POR VICENTE RISCO

# Catálogo dos Castros Galegos

FASCÍCULO III

## Terra do Carballiño



REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA


---

F 5079

---

Biblioteca


NÓS, Publicazóns Galegas e Imprenta - Real, 86 - 1.º - A CRUÑA - 1980

















# CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

## A TERRA DO CARBALLIÑO

País de bocaribeira e de meia montana, a terra do Carballiño, forma un escalón entre as serras do Testeiro, Foxo do Cabrito e Madanela e o fondo val do Miño; escalón que se continúa nos chaos de Amoeiro e de San Amaró, cuia catalogazón castrexa faráse algún día, e que por Cea ponse en contacto co val de Vilamarín, xa anteriormente catalogado.

Individualiza a rexión, que agora imos estudar, a corrente do Arenteiro, río que nace ó pé da serra da Martiñá e que vai por Oseira, Piñor de Cea e Carballiño, seguindo unha direición norleste sudoeste, deica entrar por Pazos, no Ribeiro da Avia.

A altitude meia de iste anaco do val do Arenteiro pasa moi pouco dos 500 metros e o seu releve presenta abondosidade de monticelos, que ofrecen normalmente os perfís dondos propios das formazóns de estratos cristaiños que son as predomiñantes, non fallando así e todo afroramentos de pedra de grásprotadosintensamentepol-oscanteiros.

Rube a ribeira cas suas viñas e piñeirales, seguindo o curso de algúns ríos (Arenteiro, Barbantiño, Viñao) deica perto do Carballiño e aínda os piñeiros invaden os arredores de ista vila e parte dos Concellos de Boborás, Cea e Irixo. O restante do país, mais

achegado ás serras limitrofes, ten xa o aspecto típico da meia montana, con escasas coníferas, moitas carballeiras, grandes searas de centeo e farturentos prados e lameiros.

Bisbarra agricolamente rica, hai un dito. *Pra carne, pan e viño o Carballiño*, que gaba a boa calidade dos seus productos, mais debe así e todo principalmente a sua prosperidade e o seu incesante progreso, ó espírito mercantil i-emprededor dos habitantes. Peritísimos en toda caste de tratos e c-unha antiga tradizón comercial, souperon adaptarse perfectamente ás necesidades modernas e facer diñeiro xa nos países de alenmar, xa sen sair do torrón nativo.

No tipo físico de istas xentes agudas e arriscadas, nótase, xuzgando a custión c'un criterio impresionista, que abondan mais entre ela, do que adoitan abondar n-outras partes de Galiza, as pigmentazóns morenas, espezalmente nas parroquias limitrofes ou cercanas ó Ribeiro da Avia, sendo frecuentes sobre todo nas mulleres un subido cooroxo nas meixelas.

O caracter dos carballineses e alegre e franco. Son simpáticos, xenerosos, gostan de agasallar o forasteiro e teñen grande apego á fala vernácula.



## Número I

## CASTRO DE SAN FACUNDO

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Cea e freguesia de San Facundo.

Situase n-un monte ispido de arboredo e de cume moi penedoso que se asenta por riba mesmo do lugar de San Facundo e da estrada de Ribadavia a Cea que atravesa iste lugar. Dexérganse dende il os piñeiras, veigas e searas dos concellos de Cea, Piñor, Carballiño e Vilamarín e pechan o hourizonte pol-o norte e norleste as serras da Martiñá e da Madanela.

DEFENSAS. — Consisten n-un terraplén, de outura variable, entre os 16 e os 30 metros, xa ben esmorecido pol-a erosión n-algúns sitios, e n-un aplainamento anelar que arrodea as penedas do cume. Pol-o norte, e denantes do dito aplainamento, cuia anchura oscila entre os 24 e os 46 metros, observase, outro de 2 metros de ancho separado do primeiro por un terraplén de 5. Na banda do sul hai un abultamento do terreo que parece corresponder a un antigo parapeto.

MENSURAS. — Mede nos dous eixes principais.



Do norte ó sul . . . . . 130 metros

Do leste ó oeste . . . . . 102 metros

OBSERVAZÓNS. — Na área do castro non se ollan pedras labradas nin ningún outro resto de edificazón, mais ó pe de il, pol-a banda do sul, alcontráronse, asegún nos dixeron, tellas romanas, pedras con siñas da ter estado ó lume, cavidades ó xeito de fornos, tranqueiros de portas, laxas labradas moi grosas, anacos de columnas e un acobillo de moedas antigas. No mesmo lugar atopouse unha lápida que contiña soio o nome indixena MEIDVENA e que foi rexistrada co número 11 dos epígrafes inéditos, na *Epigrafía Latina de la provincia de Orense*, de Arturo Vázquez Núñez

Conven agora advertir que en San Facundo ou nas suas imediazóns foi localizada a cibdade de Arsacia, situada por Muñoz de

la Cueva nas suas *Memorias Históricas de la Iglesia de Orense* «cuando hacia Compostela se camina por los llanos de Amoeiro y de Castela», «distante tres leguas de Orense y una del Real Monasterio de Osera» e a vista e moi perto da vila de Cea, circunstancias todas que coinciden esactamente co de-



50  
Escala 100 metros

vandito lugar de San Facundo que asegún o propio Muñoz de la Cueva, foi tamén o sitio onde aquil Santo e o seu compañeiro San Primitivo, recibiron o martirio i-estiveron sepultados deica a sua traslazón a catedral de Ourense como craramente se manifesta no seguinte párrafo:

«En esta vecindad duran hoy los vestigios



del castro de San Facundo y una fuente adonde acuden, y hallan la salud los dolientes y enfermos; porque habiendo servido de refrigerio a los santos al tiempo de su Martirio, la ennoblecieron con la milagrosa virtud de sanar a los dolientes, que corren a sus aguas con viva y sincera Fé».

Perto asimesmo de San Facundo temos que pór o lugar do achádego de duas lápidas, de existencia dubidosa, dos que se ocuparon Gándara na sua *Galicia*; Cortés, no *Diccionario geográfico de la España Antigua*; Cean, no *Seminario de Antigüedades*; Barros Sibeló, nas *Antigüedades de Galicia* e que Hübner co número 218 coloca no C. I. L. entre as falsas.

Decíase que istas lápidas foranalcontra-das no ano de 1707, perto do castro de Cobas, de cuio emprazamento e identificazón ocuparémolos logo, e n-un eido de Manuel Maneiro, tendo sido eisaminadas pol-o monxe de Oseiro Frai Anxel Zurita que as copiou e trasladou pra a crónica do seu mosteiro do xeito seguinte:

1

CLAVDIAE MARCELINAE  
F. DIVI CLADII AVG  
PRO SALVTE NER  
CIVITAS MAIOR  
ARCENSI VLT GALLAECIAE

2

D. OM. F. M. C. I  
CIVI TS ET MVNICIPIVM

Non prentedemos defender a existencia de istes epígrafes, anque coidamos moi posíbe-le que algunha outra lápida poidera ter aparecido perto da que denantes citada e perto tamén dos restos romanos, a que atrás nos referimos e de cuio achádego non dubidamos, por telos ollado unha persoa que nos merez absoluto creto.

Nos termos da freguesía, onde se ergue o castro que nos ocupa sinalou Vázquez Núñez o emprazamento de tres mámoas.

FOLKLORE.—«No castro houbo en tem-

pos unha mina onde se acochaban os mouros e unha fonte na que as mouras bañábanse todas ispidas».

«Da mina saían por veces os mouros a botarlle grao trigo ós porcos que ían por alí a pacer».

\*\*\*

«Hai anos apareceu na croa do castro unha pia chea de carbóns, que eran ouro encantado, mais cando o que os atopou volveu ó sitio os carbóns desapareceran e soio viu a pia, que se conserva oxe n-unha casa do lugar».

\*\*\*

«Na parte sul do castro, e mesmo ó seu pé hai un sitio que lle chaman *A Matanza* porque n-il tiveron grande guerra cos mouros San Facundo e San Primitivo».

\*\*\*

«O castro está atravesado por unha trabe de ouro e outra de alquitrán».

(Informounos un veciño de San Facundo, cuio nome non poidemos acadar).

É posíbele que o campo de A Matanza, teña algunha relación ca batalla que Alfonso o Casto tivo cos árabes perto do Castro Anceo. Ista batalla ven consinada nas crónicas de Lucas de Tuy e do arzobispo D. Rodrigo, localizando Muñoz de la Cueva, o Castro Anceo no mesmo lugar que ocupa oxe a vila de Cea.

BIBLIOGRAFÍA.—Cítase o castro de San Facundo nas *Memorias Históricas de la Catedral de Orense*, de Muñoz de la Cueva, páxina 193 e nos traballos de Vázquez Núñez; *Las Mámoas*, B. C. de Monumentos, de Ourense, vol., I, núm. 20, Xunio 1901 pág., 351 e na *Epigrafía Latina de la provincia de Orense*, publicada na mesma revista, volume, III, 1906, número 49.

É posíbele que algunha referencia se conteña no pleito da Catedral de Ourense co Mosteiro de Sahagún.

(Catalogado por Vicente Risco, Antonio



Amoeiro, Leuter González e Florentino López Cuevillas).

### Número II

#### CASTRO DO MONTE DE OLLOS OU DE CORNEDA

**EMPRAZAMENTO.**—No cume de unha montana outa, pina e penedenta, situada no mesmo linde das fregresías de Corneda e Cidá, as dúas do concello do Irixo, provincia de Ourense.

Queda iste castro a un kilómetro escaso do lugar de Vilameá (Corneda), e a 1.500 metros da estrada do Carballeño ó Irixo. Ollanse dende il os castros de Cidá e Souteliño e pol-o oeste e noroeste pechan o hourizonte as serras da Madanela e do Foxo do Cabrito.

**DEFENSAS.**—Consisten n-unha soia muralla de pedra, por compreto ó descuberto, ancha de tres metros, i-esborrallada cara o interior e cara o exterior, formando oxe un terraprán que mide pol-a banda de fora 7 metros e pol-a de dentro 5-20 metros. Coidamos, anque non-o poidemos comprobar con certitude, que ista muralla debía erguerse primitivamente, recta dende o chán e sin ter por baixo ningunha clás de aterro.

**MENSURAS.**—Mede nos dous eixes principais.

Do norte ó sul. . . . . 75 metros

Do leste ó oeste. . . . . 90 metros

**OBSERVAZÓNS.**—Anque non ollamos no interior do castro nin alicerces, nin muradelas afroantes, é tal a cantidade de cachotes que alí sealcontran, que crêmos moi probabele a eisistencia de habitazóns de pedra.




Non se dexergan por ningures vestixios de antigas portas. Pol-o oeste e o sueste hai dous portelos, practicados pra dar paso ós carros e que evidentemente abantan por riba da muralla sin apenas encetala.

**FOLKLORE.**—«Chámanlle a iste castro a *Eira dos mouros* porque n-il tiñan unha feira, durante os 200 anos que demoraron na nosa terra».

Inquerimos do noso informador en que

tempo estiveran os mouros en Galiza e sin duvidar un instante respondeu.

—«Denantes de que viñeran os romanos e denantes tamén de viren os cartaxineses».



(Informounos, Santiago Bernardez Otero, de 50 anos, veciño do lugar de Guncieiro, fregresía de Corneda).

**BIBLIOGRAFÍA.**—Inédito.

(Catalogado por Sebastián González e Florentino López Cuevillas).

### Número III



#### A CIDÁ OU CASTRO DE ORROS

**EMPRAZAMENTO.**—Sitúase iste castro no cume de un monte pertencente á fregresía de Cidá, concello do Irixo e provincia de



Ourense, que se ergue en col de estas searas e a cousa de 1 kilómetro de Ponte Irixo no comenzo da costa que rube pra o Foxo do Cabrito. Os castros de Monte de Ollos e de Souteliño fan grupo co que nos ocupa.

DEFENSAS.—Un terraprán outo de 15 a 11 metros, coroado por un parapeto que se conserva ben nas bandas do sul e do norte e que sealcontra case por comploto derrubado no restante da volta, constituen a principal obra defensiva. No oeste óllase unha prolongazón ó xeito de antecastro, longa de 85 metros e fornecida do seu corresponden-



te terraplén de 8 metros de outo. O parapeto presenta no sul dous abultamentos considerables, que chegan a atinguir 8 metros de elevazón e que deixan no meio unha soluzón de continuidade, que debe interpretarse como unha porta.

MENSURAS.—Meden os dous eixes principais de iste castro:

Do norte ó sul . . . . . 191 metros  
Do leste ó oeste . . . . . 67 metros

OBSERVAZÓNS.—A porta a que denantes nos referimos parece ser que estaba defendida por duas torres de pedra, pois mediante unha pequena zanza esproratoria poidemos comprobar que os abultamentos dos parapetos que flanquean a soluzón de continuidade, están formados case totalmente por cachote solto.

Cachote con notabele abondosidade apareceu tamén ó practicar a apertura de outra zanza esproratoria no sueste da área cercada.

FOLKLORE.—Non poidemos acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Luís Pericot, Bernardo Castro, Xoaquín Lousada, Xosé R. Oxea e Florentino López Cuevillas).

Número IV

OUTEIRO DO CASTRO

EMPRAZAMENTO.—N-un monticelo de cota baixa, situado a 500 metros cara o norleste de Guimarás, parroquia de San Mamede de Canda, concello de Piñor de Cea e provincia de Ourense.

O castro queda desviado cousa de un kilómetro da marxe esquerda da estrada de Cea a Oseira e por riba mesmo do río chamado de Oseira, de Mirela e río do Castro.

DEFENSAS.—Sinxelísimo na súa estrutura as defensas de ista acrópole redúcense a un terraprán que pol-o norte cai 20 metros deica confundirse case cas abas do monte que por aquela banda van bicar o río de Oseira, e que no resto da volta redúcense a proporzóns mais modestas medindo, 15 metros no oeste, 8 no leste e 12 no sul. Consérvanse tamén grandes restos de un forte parapeto no sueste e vestixios mais flebes da mesma fortificazón na banda do sul.

MENSURAS.—De forma ovalada mede:


Do norte ó sul . . . . . 64 metros  
Do leste ó oeste . . . . . 54 »

OBSERVAZÓNS.—Poucas poden facerse na área cercada, que está coberta de xestas,



toxos e carballizos. Pol-o leste unha escabazón feita no terraprén deixa ollar o revestimento que o protexía, feito coma de cote de cachotería posta en seco.

No suloeste o terraprén perde n-un ancho de cinco metros o pendor que ostenta no resto da volta e convírtese n-unha verdadeira rampa de acceso, que pasa pol-o meio de



dous fortes abultamentos da liña do parapeto que se ergue alí 4 metros por riba do chán do castro. Non dubidamos en afirmar que ista especial disposición da rampa e do parapeto, corresponde a unha porta da acro-

pole, garnecida antigamente por dúas torres flanqueantes.

A 1 kilómetro, pouco mais ou menos do Outeiro do Castro i-en termos da fregresía de Borrán, alcontráronse hai pouco tempo tres canos, quizais de condazón de augas, de 60 centímetros de outo e feitos de pedra e ladrillo. Anque nonos poidemos ollar, coidamos moi posíbele que tales canos sexan de época romana e pertencentes a algunha *villa* das que inmediatamente sucederon as habitazóns castrexas.

FOLKLORE.—No castro viviron os mouros.

«De unha vez viñeron uns señores ó castro c'un home xa vello de Piñor, puxéronse a lér n-un libro e a facer circos no chán. A pouco de andar n-isto den en erguerse o vento i-en moverse as follas de un xeito tan temeroso que o home de Piñor agarrou tan grande medo que morreu a pouco do susto.»

BIBLIOGRAFÍA.—Inédita.

(Catalogado por Mauricio Bacarise, Isaac Forneiro, Xosé R. Oxea, X. Blanco Portugal e Florentino L. Cuevillas.)

#### Número V

#### CASTRO DE SOUTELIÑO

EMPRAZAMENTO.—No cume d'un monte de abas dondas, situado á esquerda da estrada do Carballiño ó Irixo e desviado de ela, menos de 2 kilómetro. Pertence iste monte ás fregresías de Corneda, concello de Irixo e de Xurenzás, concello de Boborás ou Brobás, os dous da provincia de Ourense. O lugar que queda mais perto é o de Souteliño (Corneda), desviado cousa de 800 metros cara o leste, e perto tamén alcóntranse os castros de Monte de Ollos e Cidá.

DEFENSAS.—Hai, en primeiro lugar, un recinto central defendido por unha cerca de 2 metros de outo no interior e que cai pol-o exterior n-un terraplén moi pino de 7 a 10 metros de elevazón a cuio pé corre un foso, que desaparece nas bandas sul e leste. Pol-o norte e oeste as obras defensivas refórzanse con dous novos fosos que se entremeian no espacio que deixan o denantes citado e outro



esterior. De istes fosos, provistos todos do seu correspondente parapeto, interrompense o mais esterno no oeste, o seguinte ô suloeste, pra formar a porta de que logo falaremos e case a carón rematan os outros dous, que corren apegados ô recinto central, facendo ô espedir mesmo un revisamento cara ô interior ô xeito de un gancho. Idéntica feitura teñen os cabos dos dous parapetos que fan no suloeste unha porta en canella que se estreita cara dentro, aparecendo cinguido o do sul, que ten unha extensión pequena, polo parapeto exterior que soio ven deixar unha soluzón de continuidade no lugar onde se abre a porta. De iste dispositivo como da separazón das defensas con relazón ô recinto central dan idea os croquis que acompañan esta papeleta, abondando advertir agora, que agás no norte, ofrece o castro a forma típica de recinto duplo, anque con desenvolvemento moi desigual da área esterna.

MENSURAS.—Mede o recinto central:

Do norte ô sul . . . . . 98 metros  
Do leste ô oeste . . . . . 101 »


As distancias entre as defensas que marcan o recinto exterior son as seguintes:

Pol-o oeste . . . . . 17 metros  
» sul . . . . . 108 »  
» leste . . . . . 75 »

OBSERVAZÓNS.—Os parapetos e fosos están por comprobeo cobertos de terra, non ollándose pedras labradas en ningun lugar da área cercada.

As interrupzóns e reviramentos dos parapetos na parte do suleste son indicazón clara de unha porta de cuias particularidás e paralelismos ocuparémonos mais adiante. Perto de ista porta e mais ô sul hai un camiño moderno que vai indicado no croquis.

FOLKLORE.—«No castro de Souteliño sacan as mouras a asoellar o millo e namentras terman de il penteanse cos seus peites. Cadrou de unha vez que pasara por alí un porco que foi meter o fociño no soalleiro i-entón unha moura pra tornalo guindoulle c-un peite que se lle prendeu nas serdas.»



«Fuxiu o porco pr'a corte e cando alá chegou viron os donos que o peite que traguía engarrado era de ouro.»

(Informazón recollida de Santiago Bernardez Otero, de 50 anos, veciño de Guncieiro.)

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Sebastián González e Florentino López Cuevillas.)

#### Número VI

### CASTRO DE CAMEIXA

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Boborás e fregresía de San Martiño de Cameixa. Sitúase o castro n-un monte de pouca cota, dende o que se domiña o val do río Viñao ou Aviote, deica a sua confluencia co Avia. Dexérgase dende il unha ampria paisaxe ribeiraa cinguido ô lonxe pol-a serra Martiñá, pico ou coto de Novelle e montes de Celanova. Mais alonxados ainda os lombos das serras de Bande, de Larouco e de S. Mamede azuleian no fondo.

DEFENSAS.—Constaban de unha área terminal ben aplainada cinguida por un parapeto, a cuio pé corría un terraplén de 10 a





30 metros de outo, que morría n-un foso. Iestas defensas están hoxe moi derramadas e soio na banda do noroeste quedan visíbeles algúns vestixios do parapeto. O foso cegado en case que toda a volta, está tapado no norte por un muro moderno e foi aproveitado no leste pr'a construción de un camiño.

MENSURAS.—De forma irregularmente circular, mede:


Do norte ó sul . . . . . 139 metros  
Do leste ó oeste . . . . . 141 »

OBSERVAZÓNS.—Ó practicar na croa do castro a apertura de uns buratos, pra plantazóns de albres, o mesmo que ó facer-



se as obras de un camiño veciñal, descubríronse obxectos arqueolóxicos que en grande parte gárdanse na «Granxa» manífica finca, que o Sr. Espinosa, cultísimo agricultor e galeguista entusiasta, posee na fregresía de Cameixa. Nós mesmos, rexistrando a terra

remexida da área terminal, atopamos testos de cerámica lisa e decorada. Compre destacar de todo iste material dous anacos de vaso ca característica e abondosa decoración de circos concéntricos estampados, outro con adornos riscados de liñas e triángulos e



PERFÍS DA CERÁMICA LISA DO CASTRO DE CAMEIXA

ainda outro mais con un cordón en releve. Nos restos de cerámica lisa apareceron dous fragmentos de bordes, un seguramente de un plato ou cunca, e anaquiños de unha vasixa de paredes estraordinariamente finas (véx. dibuxos).

Ó abrir o camiño veciñal a que denantes nos referimos, e que pasa ó pé mesmo do terraplén, atopáronse muíños de man e unha regular cantidade de tellas romanas.

FOLKLORE.—«No meio do socastro hai unha trabe de alquitrán que toupará en labradas no intre mesmo en que se lle toque.»

\* \* \*

«No castro teñen aparecido moitas cousas dos mouros e tamén animaes vivos que son da súa pertenza. De unha vez un tal Callobre, que é veciño de Cameixa alcontrou unha ola enteira, mais en canto lle quixo botar man desfixose por si mesma. Os mouros viven no castro por baixo de terra.»

\* \* \*

«Hai xa tempo que un individuo indo ó pé da Casa Grande viu a dous homes que baixaban do castro, montados n-uns machos grandes e que traían unha becerra e unha cabra. E os dos machos preguntáronlle por un camiño bóo pra que non tropezaran os animaes.



«O home anque de primeira calou mais despois amostroulles un camiño bóo, i-entón os forasteiros porfiáronlle pra que levase a cabra ou becerra.»

«Escolleu na becerra e iles mandáronlle que a levase pra casa, encargándolle moito



#### CERÁMICA DECORADA DO CASTRO DE CAMEIXA

que non lle tocara ata que estivera n-ela. Cando chegaron o home tocoulle e a becerra desfíxose en prata.»

«Sóupose despois que a cabra era de ouro.»

(Referenza de un veciño de Cameixa, cuio nome non se acadou.)

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Antón Lousada, Xosé Ramón Oxea, Xosé Filgueira, Florentino López Cuevillas e Sebastián González.)

#### Número VII

#### CASTRO DE MOLDES

Debía emprazarse iste castro do que non queda mais vestixio que o nome, nos termos da parroquia de Moldes, concello de Boborás, e no cabo ou remate de un lombo montesío que ven caír por riba mesmo do pazo, que no lugar de Moldes, posé o sabio catedrático pontevedrés, Antón Lousada Dieguez.

No lugar onde debían erguerse outrora as defensas castrexas edificóuse unha eirexa románica, de notábele arquitectura, e que hoxe está case derrubada. Ista edificazón e a do adro anexo deberon ser a causa do total esborrallamento de muros e terraprens, cuías pedras é moi posíbele que foran aproveitadas pra os cimentos do templo.

#### Número VIII

#### O CASTRO MEIMÓN

EMPRAZAMENTO.—No remate de un contraforte do macizo montesío da Roda, e

por riba mesmo do lugar de Vilachá, fregresía de Feás e concello de Boborás. O monte onde o castro se situa chámanlle no país «A Goia».




DEFENSAS.—Un terraprán de 5 a 10 metros de alto e bastante pino e un parapeto que mede de 2 a 4 metros de altura e que falla pol-o norte, noroeste e oeste.

MENSURAS.—De forma oval mede iste castro

Do norte ô sul. . . . . 67 metros

Do leste ô oeste. . . . . 80 »

OBSERVAZÓNS.—O parapeto aínda hai pouco que foi derrubado nas partes onde



#### CASTRO MEIMÓN

falla. Os vellos de Vilachá lémbrense perfectamente de que daba por enteiro a volta ô recinto cercado.

Atopáronse, dentro de iste recinto unha



especie de forno feito de pedra e n'un eido que hai por baixo de il unhas quenlles construídas con tellóns grosos que ian bater ô mesmo castro.

FOLKLORE.—«O tesouro do castro Meimón está tan pouco atuado que lle tocan as rodas do carro cando pasan por riba de il.»

«O coller iste tesouro é perigoso porque está no meio de dúas *antas* (lumieiras) de alquitrán que toupan en lume en canto se lles toca.»

\* \* \*

«Ô redor do castro había dez garitas (mámoas con cámara) que era onde os mouros se metían pra facelas guardas e por baixo do terraprán eisiste unha fonte que lle chaman a *Fonte dos Mouros*.»

## CONSIDERAZÓNS

CANTIDADE DE CASTROS.—Oito castros no terreo abranguido por cincuenta e tres parroquias é a densidade castrexa da rexión do Carballiño, densidade mínima entre a das bisbarras ata de agora catalogadas, e que supera en flebeza a rexión de Celanova (dazaseis castros en cuarenta e dúas parroquias) constituíndo un fenómeno de espricazón pouco doada.

A terra do Carballiño é rica en xeneral, ten prados xugosos, veigas lenturentas e vive n-ela na actualidade unha poboazón numerosa que se fai case mesta nas bandas de bocarribeira, parecendo por todas istas circunstancias que outrora, alá nos tempos anteriores á conquista romana, as súas condicións naturais deberían seren favorabeles pra un bo desenvolvemento da vida human e recanto cobizado pol-as tribus que entón inzaban a Galiza. A mais de elo pol-a sua altitude, clima e formazón xeolóxica, a terra carballinesa, ven ser unha continuazón do val de Vilamarín, no que os castros apreixanse de tal xeito, que chegan a contarse once nos termos de trece fregresías.

Craro está que algunha acropole poida ter desaparecido sen deixar lembranza, como

\* \* \*

«Tense visto moitas veces na Goia a unha moura que saía cantando ista cantiga:

«No castro de Parada (Cameixa)  
teño a miña filla Clara.  
No castro de Magros  
teño ô meu fillo Calros.  
E no castro de Meimón  
teño o meu curazón.»

(Informounos un veciño de Vilachá.)

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Xoquín Lousada, X. Figueiral, Xosé Ramón Oxea e Florentino L. Cuevillas.)

## ARQUEOLÓXICAS

case lle ocorreu ô castro de Moldes, que conserva soio o nome despois de ter perdido todo sinal de fortificación e todo vestixio folklórico, mais aínda admitindo tan remota posibilidade e asimesmo a de que algún recinto castrexo houberase sustraído ôs nosos inquêritos repetidos e coidadosos, sempre teríamos que o número de estazóns esquecidas ou non catalogadas non había de ser de abondo pra alteirar no fundamental a relación eisistente entre a densidade do país do Carballiño e a que fornece o veciño val de Vilamarín e a tamén veciña terra de Montes, ben provida de castros asegún testimoio de Barros Sibeló. (1)

Notábele é por outra parte o feito de encontrárense as acrópoles carballinesas localizadas de preferenza nas zonas meros poboadas actualmente, é decir ô pe das serras que fan o límite pol-o norte e noroeste. Das oito catalogadas, seis (Outeiro do Castro, San Facundo, Cidá, Corneda, Souteliño e Meimón, sitúanse perto dos debalos da Mar-

(1) Véxanse pra os datos consignados os fascículos I e II do *Catálogo de Castros*, do «Seminario de Estudos Galegos» e as *Antigüedades de Galicia*, de Barros Sibeló.



tiñá, do Foxo do Cabrito e do Testeiro e soio dúas (Moldes e Cameixa) adiántanse deica lugares que teñen certa fisonomía ribeirán.

E compre que lembremos agora que a terra do Carballiño presenta un carácter mixto de bocarribeira e de meia montana e que digamos que os vales inferiores do Avia e dos seus afluentes contan con moi escasos castros, escaseza que parez continuarse ríos enriba, namentras que a abondosidade do val de Vilamarín e da terra de Montes semella inzar a rentes das serras denantes citadas.

Será debida ista contradizón entre a cantidade de castros e a densidade da poboazón actual, a que a introduzón do cultivo da vide fixo que as xentes da meia montana emigraran cara os torróns baixos e quentes denantes non estimados? Haberá que apola a unha diversidade das condizóns políticas, na época protohistórica, que obrigaba na meia montana a vivir en lugares fortes ou baixo a protezón de unha acrópole, e permitían en troques que os habitantes da ribeira morasen en aldeias abertas?

Coidamos difícil dar resposta a istas preguntas, anque sexa posíbele que un estudo de cada parroquia, levado por vieiros onomásticos e diplomáticos e encamiñada a esculcar a súa antiguidade e vicisitudes e a inquerir as causas do seu desenrolo e do seu debecer, poidera botar algunha luz sobre probrema tan intresante do noso pasado.

**EMPRAZAMENTO.**—Nin un soio castro dos oito catalogados, emprazase n-un cume de forte altitude, nin moito menos nas soás das serras limítrofes. Aséntanse pol-o contrario todos iles en outeiros mais ou menos ergueitos anque sempre de cota modesta e aveciñando a veigas vizosas ou a valgadas lenturentas. Eiquí como no resto de Galiza, a fortaleza do emprazamento sacrificouse á necesidade de ter a acrópole perto dos pasteiros do gado e das leiras que precuaba unha agricultura incipente.

Asín o Outeiro do Castro e os de Cameixa e Cidá, colocáronse por riba de regatos, asín os de Moldes, Corneda, Souteliño, Meimón e San Facundo, asentáronse á beira de

serras e veigas que renden oxe boas seiturras, sendo dino de nota especial o feito, estrano, en país tan pouco abandoso en castros, de apareceren tres de iles, os de Cidá, Corneda e Souteliño, tan perto que dende o segundo pódese chegar n-un coarto de hora a calquera dos outros dous.

Agrupamentos análogos foron citados no fascículo correspondente á terra de Celanova, e o mesmo caso vólvese dar agora cos tres castros denantes citados, que se sitúan no mesmo sistema montesío; un, o da Cidá n-un Contraforte setentrional case por comprobante eisento; outro, o de Corneda, no cume central mais prominente e o terceiro o de Souteliño no cabo do macizo que caí xa por riba do río de Brués. A importancia das fortificazóns de istes castros e o seu tamaño escriue toda idea de que algún de iles fora o xeito de posto avanzado de outro, semellando pol-o contrario que se trata de acrópoles ou cidades pertencentes a coleitividades distintas que debían ter os seus respectivos dominios, a primeira, nas searas das parroquias de Cidá e de Ponte Irixe; a segunda nas veigas que se ollan á esquerda da estrada do Carballiño a Irixe e a terceira nos eidos de Brués, Xurenzás e A Almuzara.

**FEITURA E GRANDOR.**—Agás o castro de Cidá que presenta unha feitura moi alongada os restantes recintos castrexos teñen o xeito mais ou menos circular ou ovalado, que son correntes en Galiza, estando pleamente xustificada a escepción devandita pol-a forma de cume de monte á coal tiveron que axustarse os costrutores das fortificazóns.

No relativo ó tamaño compre destacar a mainitude do Castro de Souteliño, 206 X 193 metros, que o coloca entre os do grandor considerabele (Trelle, Buriz, Troña etc.), anque sen chegar ás proporzóns eistraordinarias de certos castros e citanías (Morgade, Samoedo, San Cibrán das Lás) que sobrepasan en bastantes metros aquelas cifras.

O tamaño meio dos castros carballineses é de 121 X 101 metros, números semellantes ós que diu a meia da bisbarra de Celanova, (125 X 110) e sensibelmente superiores os da



meia do Val de Vilamarín (90 X 60) cumpríndose de iste xeito unha regra bastante xeneral que acusa tamaños maores nos acrópales de rexións de flebe densidade castrexa, que nas de forte densidade, fenómeno que quizais ten a súa orixe en seren n-aquelas terras mais numerosas as coleitividadeas políticas que tiñan os castros por centro.


**DEFENSAS.**—As dos castros recollidos n-iste fascículo son case de cote moi sinxelas, reducíndose a terraprén (Cameixa) coroado nos mais dos casos (San Facundo, Corneda, Cidá, Outeiro do Castro e Meimón) por un parapeto oxe esmorenado en moitas partes, e seguido soio n-unha ocasión (Cidá) por un cativo antecastro.

Contraste vivo, con tal probeza defensiva, ofrecen as fortificazóns do castro de Souteliño que se ordean de unha maneira particular, que non é a típica en antecastro con recinto exterior axuntado ó interior anque sen cingulo, nin tampouco é a de recinto duplice con dúas áreas cercadas case concéntricas. Eiquí o recinto interior ocupa un dos extremos do conxunto das fortificazóns e as obras exteriores apeganse a il por unha banda e afastanse nas outras n-unha distancia considerable. Debemos sinalar asimismo a semellanza que iste dispositivo, pouco frecuente, ten co que ostenta a citanía de Morgade, unha das meirandes de Galiza e decir aínda que certas particularidás das defensas, coma son as interrupzóns dos dous fosos interiores na parte do norte, soio poden espricarse supondo que os portelos que deixaban abertos serían pechados con empalizadas ou con outras obras lixeiras.

En tres dos castros (Corneda, Cidá e Outeiro do Castro) púdoose comprobar que os terrapréns e os parapetos teñen revestimentos de cachote en seco, que coidamos deben eisistir tamén nas outras acrópales en que non foi posibele aprecialos exteriormente. O caso do castro de Cidá que non presentaba na súa superficie ningún cachote solto, e cuíos muros e terraprés semellaban feitos de terra, aparecendo os revestimentos ós poucos centímetros de escavazón, é singularmente istrutiva a iste respecto e levanos a coidar que en xeneral, to-

dos os recintos castrexos galegos, tiñan as súas obras defensivas, amparadas por paramentos de pedra.

**AS PORTAS.**—Soio dúas óllanse craramente determiniñadas; unha a do castro da Cidá, áchase flanqueada por dous ensanchamentos do parapeto que debían erguerse ó xeito de torres, desenroladas cara ó interior do recinto, deixando entre elas unha canella que se ensancha de fora a dentro. Iste tipo de porta, bastante corrente en Ga-



(FIG. 1.)

liza, parece ser unha variante do de parapetos revisados, usual en Aliste e do que sealcontran asimismo entre nós abondosos eisempres.

A outra porta é a do castro de Souteliño e con respecto a ela compre que fagamos unha rectificazón do que queda dito na papeleta. A primeira vez que alá estivemos, no Agosto de 1927, a parte sul da área cercada, atópase coberta por unha millareira e por un toxal ben medrado, que impediron que as nosas observazóns poideran facerse ca necesaria crarezza. Sospeitando que algunha particularidade dos fosos e parapeto-



tos houbera escapado á inspección voltamos ó sitio no Setembre de iste ano ealcontrando seiturado o millo e rozada a toxeira, foynos doado comprobar que na nosa primeira visita incurrimos en mais de un erro, presentando en realidade a porta o aspecto e feitura eispresada no croquis adxunto (fig. 1). Vese n-ela como os dous fosos que coidabamos interrompidos na banda do suloeste continuanse deica o sul bifurcándose o mais interior e facendo ambos un codo pronunciado.

Restituída tal disposición defensiva á sua verdadeira ordeazón teñen que resultar duas entradas que avanzan unha cara ó norte e a outra cara o leste, adiantándose por canellas estreitas e dando paso samente ó recinto mais exterior, ó que viñan desembocar os fosos e parapetos que non dan por compredo a volta á área cercada. O valor militar de todas istas obras, que quizais aparecerá mais crara o día en que o castro sexa excavado, debía compretarse coma denantes indicabamos con empalizadas, seves de bimbio ou de polas entretecidas ou valados acidentaes de pedra.

**O ABASTECIMENTO DE AUGAS.**— Insistiremos nos puntos de vista xa espostos nos dous fascículos denantes publicados. O aproveitamento dos ríos ou regatos que pasan ó pé de algúns castros da terra do Carballiño tiña que sere ou imposibele, ou de unha grande dificultade no caso en que unha tropa sitiadora vixiará os movementos das xentes refuxiadas na acrópole: Coidamos pol-o tanto que pra abastecerse cada castro da auga necesaria, debían ter dentro dos seus recintos ou fontes como unha da citania minhota de Briteiros, cuio tipo está por certo ainda vixenté nas nosas aldeias, ou puzos como un descuberto en San Cibrán das Lás, ou pol-o menos reservoiros de grandor considerabele como o rexistrado no castro das Fontelas (Val de Vilamarín).

**AS HABITAZÓNS.**— En ningún dos castros catalogados ollamos superficialmente nin alicerces nin outro sinal nidio da eistencia de casarellas de pedra. Fan así e todo sospeitar que as haxa no Castro de Cidá, o nome que xeneralmente é apricado pol-o

pobo samente ás citanias e a grande cantidade de cachote que descubrimos ó encetar unha zanza na parte central do recinto. No castro de Corneda, atópase asimesmo moito cachote solto que pol-a uniformidade con que se espaxe por toda a área cercada non semella procedere totalmente do parapeto esborrallado. O castro de Souteliño que pol-a sua manitude e obras defensivas imítase moito ás citanias, coidamos que debe tamén conter restos de habitazóns permanentes.

**OS OBXETOS ASOELLADOS.**— Redúcese ós testosalcontrados no castro de Cameixa. Como xa dixemos na papeleta correspondente, algúns de istes anacos cerámicos son moi delgados e de pasta fina e ben escollida. Anque non poidemos ollar n-iles as siñás do torno coidamos que non son indíxenas e ainda sospeitamos que pertencen á especie de cerámicas romanas con liñas pintadas de derivanza ibérica, que se atopan con algunha frecuencia nos castros do noroeste peninsuar.

Os outros testos, o mesmo os lisos que os decorados, son nidia e típicamente castrexos. Os círcos concéntricos e o cordón en releve que ostentan tres de iles, son motivos de decorazón tan abondosos, que a sua presenza sinálase en casi todolos castros e citanias que foron obxeto de algunha esprorazón.

Maor intrés presenta a testa con adornos riscados de liñas e triángulos. Ambos motivos son usuais e correntes na especie campaniforme e ainda as liñas paralelas cheas de pequenos riscos óllanse nos vasos de ista caste, das Pontes de García Rodríguez. Debemos pois apuntar un feito novo que fai relazón á perduranza da decorativa eneolítica na cultura norte dos castros, feito que por outra parte foi rexistrado xa nas estacións minhotas de Belinho, Terroso, Guido, Vila do Conde, Briteiros, Coto da Pena.

**A VECIÑANZA CON OUTROS XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS.**— A terra do Carballiño é moi rica en mámoas, agrupándose as necrópoles de preferenza na mesma área montesia en que se agrupan os



castros. Vázquez Núñez no seu artigo *Las Mámoas* (1) fala de tres situadas en San Facundo, de outras oito emprazadas perto do Carballiño e de dúas que se erguían nos termos da parroquia de Cobas, parroquia na que asegún testimoio de Barros Sibelos eístitía un castro que non poidemos atopar apesares de ter recorrido na súa procura todos os lugares que a constitúen. Dúas das mámoas emprazadas perto do Carballiño, foron esporadas aparecendo n unha de elas, que contiña catro esteios da anta, un machado e unha goiva de pedra, unha punta de frecha de esquisto, seis facas de pederneira e dous testos cerámicos.

Na parte alta do concello de Boborás hai tamén numerosas mámoas. Unha de elas situada en Xendive, tiña anta con corredor inizado e deu ó ser esporada un machado de esquisto e testos de un vaso de barro negro e liso. Como denantes dixemos o castro Meimón, áchase arrodeado de mámoas con anta, que asegún os labregos eran as garitas en que os mouros facían a centinela.

Non sabemos de ningunha vía romana, principal niñ secundaria que atravesase a terra do Carballiño e apesares de elo e do carácter itinerario que tivo a penetración da cultura dos conquistadores no noso país, aparécesenos ista bisbarra como fortemente romanizada, debendo lembrarse pr'o caso as

(1) «B. de la C. de Monumentos» de Ourense, vol. I, n.º 20 Xunio do 1901, páx. 332.

conduzóns de auga que se asoellaron en sitios próximos ó castro Meimón e ó Outeiro do Castro, as tégulas atopadas ó pé do Castro de Cameixa e os numerosos restos descubertos por baixo do de San Facundo, podéndose aínda engader a istes achádegos o de un forno feito con ladrillos bipedales que apareceu recentemente na mesma vila do Carballiño, ó facerse as obras de unha casa-escola e insistir acerca da siñificanza do epígrafe de San Facundo que é un dos seis únicos que se rexistraron na provincia de Ourense, alonxados mais de 5 kilómetros do trazado das vías.

Tal romanización non itineraria do país carballinés pode espricarse quizais pola eístitenza n-il de esprotazóns mineíras. Toda a bisbarra é en xeneral rica en xacementos estamníferos, que afectan normalmente o xeito eluvial corrente en Galiza. A esprotazón de ista clás de xacementos é posíbele que se refiran os enormes desterros de Maside que diron lugar á formazón da lagoa que donou o nome á parroquia de Lago, as grandes canlles, que se conecen co nome de *grovas* e que se ollan á beira do Carballiño e n-outros sitios, e os puzos fondos e moi anchos que eístiten perto do castro de Cidá.

Un eísame deteñido de todos istes lugares e un análise das terras, é moi posíbele que chegaran a determiñar esactamente a verdadeira natureza de istas obras de desterro, cuia manitude e importancia son evidentes.

## CONSIDERAZÓNS FOLK-LORICAS

OS HABITADORES DOS CASTROS.— Dos oito castros catalogados n-esta bisbarra, cinco aparecen habitados pol os mouros consabidos, cos mesmos caracteres ouservados n-outros lugares: as suas *minas subterráneas*, as suas *eiras e garitas*, o *grao dado aos porcos*, o *millo posto a asoellar*, os seus *tesouros*.

Hai un caso no que se dan coma históricos. O informador semiculto afirma qu'estiveron alí douscentos anos, e que iso foi

*enantes de viren os romanos e os cartaxineses.*

O ter estado douscentos anos, xa o temos atopado n-outro caso (Castro da Martiñá, no val de Vilamarín). Semella que os douscentos anos non é mais qu'unha espresión indicante d'un tempo moi longo. O labrego vive escrusivamente no presente, e calquera cousa ou acontecemento que pase dos cen anos, pérdese xa pra il na noite dos tempos, no recuado período de María Castaña, de cando







as bestas falaban, de cando Noso Señor andaba pol-o mundo, da *alcheringa* dos australianos, ise tempo histórico no que, pr'a xente non traballada pol-a cultura, resúmese e confúndese todo o pasado. D'eiquí que douscentos anos xa veñen ser unha duranza case incalculábele, pois non teñen dato concreto ningún a que referila. O peisano pode adquirir por tradición e levar na memoria moitas referenzas históricas e leendares, algunhas das quales poden vir d'un pasado remotismo; mais il lémbraas de cote sen cronoloxía, nen ausoluta, nen relativa; a tradición popular non conserva ven as datas nen a orde dos acontecementos.

Emporiso, non deixa de poder ter certo significado, se cadra, a posizón histórica dos mouros coma mais antigos qu'os romanos e cartaxineses (isto dos cartaxineses é un elemento erudito que se meteu eiquí), coma confirmatorio da identificazón dos mouros castrexos coa poboazón protohistórica de Galiza, ou sexa cos auténticos costrutores dos castros. Lembremos que xa no Outeiro de Vimieiros (bisbarra de Celanova) foi recollida a tradición de teren os mouros sido botados dos castros pol-os romanos.

A BATALLA DE SAN FACUNDO.—N-outro caso, fábase da guerra tida contr'os mouros por San Facundo e San Primitivo. Refírese esta lenda á batalla do Castro Anceo? É unha versión aumentada do martirio d'aquiles dous santos? É lembranza de un acontecemento histórico anterior? En todo caso, as figuras dos santos impuxéronse e atragueron a leenda ou tradición, intervindo os mouros inevitábeles, sobre todo en caso de guerra cos cristiaos. Sabido é que a natureza, o lugar do martirio e a posesión dos verdadeiros corpos de San Facundo e San Primitivo, andivo en porfía entre Cea e Ourense por unha banda, e Sahagún por outra, e que pra moitos, o pleito está decidido a prol de Sahagún. Así e todo, se poidermos demostrar qu'esta leenda ten por base un acontecemento da vida dos Santos, elo viría en certo xeito amostral-a tése de ter sido en Cea onde sufriron o martirio, e ser os que están n-Ourense os seus verdadeiros corpos. N-outro caso, teríamos diante persoaxes es-

tranos qu'atragueron unha leenda que tiña qu'estar formada enantes de se ter introducido alí o seu culto. O que pode dar luces é a data da primitiva fundazón da eirexa de San Facundo, que sendo posterior á batalla do Castro Anceo (coma será, con toda probabilidade) traí o poder ser esta a que deu nacemento á tradición ou leenda, o que non podería ser, se se probara ter existido alí enantes d'aquil tempo, unha eirexa consagrada a San Facundo.

AS MOURAS DA FONTE.—As mouras qu'aparecen ispidas na fonte, ond'o Castro de San Facundo, lembran dende logo as fadas nórdicas, as tan soadas *ondinas* de Kabbalah chamada adulterina — por ter recollido vellas tradicións europeas que inseriu na doutrina hebraica — cecais mais que outras formas míticas que temos atopado nos nosos castros. Todos lembramos os contos en qu'o cabaleiro ou príncipe de rigor, solprende á ondina a se bañar na fonte. É o caso, ademais, das *xanas* d'Asturias, qu'algunhas veces aparecen d'iste xeito.

OS TESOUROS.—Atopamos eiquí o ouro que semella carbón, o peito d'ouro, o haber soterrado, a becerra de prata e a cabra d'ouro, e as famosas trabes.

En col do ouro que semella carbón—ou que se volve carbón n-outros casos recollidos n-outras bisbarras—temos que observar a constanza da asociación d'estas dúas materias, que van de cote xuntas en contraposición, coma se unha d'elas fora a mais nobre de todas e outra a mais ruín. Ora, dito así de feito, o carbón non é unha materia tan ruín, senón que pol-a contra, é útil. Compréndese o caso do Viso (Allariz) (1) en que se contrapón ao ouro o excremento de cabra; mais se non comprende tan ben que sexa o carbón. Ben é certo qu'o carbón non ten pra os peisanos a utilidade inmediata que ten pra nós, xa que iles nono empreaan, cocinando coma cocían con leña; mais así e todo en moitos lados, nas serras, onde s'adican a preparalo e vendelo, comprenden ben o valor que ten. Aínda hai a asociación

(1) Véxase o noso traballo: *Da mitoloxía popular galega: Os mouros encantados*, en NÓS, n.º 43, páx. 12.



d'ideias do carbón e o lume, e sabido é qu'o lume é tido sempre coma nobre.

A razón debe estar na coor do carbón, na sua negrura, que por elo, contraponse á coor lumiosa do ouro. O ouro ven repersentar en certo xeito, a luz—sabido é que os alquimistas consideraban o ouro coma luz en estado concreto, solidificada, coma si dixéramos, e elo debe responder a tradizós ben antigas. Namentras qu'a negrura do carbón ven ser com'unha concreción da treba, do oposto á luz. Isto todo radica probabelmente no incoscente. Coidamos que ten certa verosimillanza ista interpretazón.

AS TRABES D'OURO E D'ALQUI-  
TRÁN.—Preséntanse en tres casos: n-un están as dúas, n-outro non queda mais que unha, no terceiro volvéronse dúas antas, as dúas d'alquitrán.

Ouservamos, pois, difrentes dexeneraciós e desfiguramentos do mito, susceptibele aliás de moitas formas.

O PEITO D'OURO.—O caso referido é idéntico ao do *restrelo d'ouro*, que se refire n-esta mesma bisbarra, do qual constituie unha variante. Responde á idea d'usaren os mouros ainda os ouxetos e trebellos mais insignificantes, feitos de materia preciosa.

A CABRA E MAIS A BECERRA.—Hai eiquí dúas cousas qu'ouservar:

1.<sup>a</sup> O senso duplo do conto, duplo, quer-se dicir: un senso educativo moral, qu'ou servamos moitas veces nos contos e leendas populares, cuia relazón, de cote chea d'intrés e d'efeito, especialmente nos nenos, é un dos recursos pedagóxicos espontáneos ou instintivos qu'o pobo emprega, e no que radica en gran parte o valor educativo que dá ao folklore o ilustre pedagogo italián Lombardo-Radice.

N-esta leenda atopamos, por eixemplo, coma n-outras moitas, a cobiza castigada. O home escolleu na becerra porqu'era millor, de mais prezo qu'a cabra, e se se desfixese en ouro, mais ouro recollería; mais en castigo, desfixose en prata, e non ganou tanto coma s'houbera escollido na cabra.

O outro senso é o que podemos chamar máxico ou cecais millor *esfinxico*, no que vemos obrar a lóxica éstrana e inexorábele

do outro mundo, á que se referira por certo Chesterton, n-un capítulo da sua *Ortodoxia*. O home, ao porse en contauto co-ise mundo, flica suxeito a aquela lóxica, mais coma nona comprende ben, ten qu'andar ás tecotaruxas, ao que boamente salla, e aterse aos resultados dos seus actos cuio alcance non pode medir. Escolleu a becerra cando debera escoller a cabra, porque asegún as suas ideas d'iste mundo, valía mais a becerra, e por consecuenza, tívose que conformar co-a prata en lugar do ouro. Ora, ben sabido é que pra moitos autores—Tylor, Wundt, Levy-Bruhl, etc—esta lóxica do outro mundo ven coincidir, pol-o menos en grande parte, co-a lóxica da mentalidade primitiva. E coma a esta lóxica estricta do outro mundo poderáselle apoñer todo, senon é a sua falla de coherenza, de consecuenza, d'encadeamento rigoroso d'ideias, de principio á concurión, d'eiquí que poidéramos tragner a colación d'Henry Berr en col do rol xogado pol-a lóxica no desenvolvemento histórico do home. Ben se vé que na mentalidade primitiva a lóxica é moito mais pecha e inflexíbele qu'antre nós, e qu'o progreso do pensamento consistiría pol-o tanto n-unha meirande perceción das escepciós d'apricazón dos principios, n-unha menor tendenza á xeralización, n-unha maor distinzón de casos, d'ordes e d'agrupamentos de feitos.

2.<sup>a</sup> O viren as ideas d'ouro e de riqueza tan amiudo asociadas á repersentazón d'un becerro, que non deixa de lembrar o bíbrico Becerro d'Ouro. Nos tesouros dos castros atopamos n-efeuto, becerros d'ouro, que se volven ouro ou prata; becerros-pantasma; ouro pechado e cosido na pel d'un becerro, ou d'un touro, ou d'un boi. Isto debe vir de tradizós incalculabelmente antigas.

DESENCANTAMENTO DOS TESOUROS.—Atopamos eiquí a práctica corrente do libro e dos circos máxicos, d'orixe seguramente cipriánico.

O que ten de novo, é qu'en lugar dos tronos e tremer da terra qu'acontez n-outros lados cando se fan evocaciós, eiquí o poder evocado maniféstase na forma d'un gran vento. Sabido é qu'o esprito ten sido identificado co ar, e que de nomes dados a iste



veñen as verbas *alma, ánima, pneuma, esprito*, non sendo raro qu'as potenzas invisibles se presentan na forma de grandes ventos. Hai ademais unha relación antr'os espíritos e as perturbazóns atmosféricas. Os druidas aseguraban que cando unh'alma d'outa categoría deixaba iste mundo (héroes, santos, sábeos), movíase unha forte tromenta, pois crebárase o equilibrio do mundo, e os ventos viñan encher o valeiro qu'aquela y-alma deixara. Pra moitos pobos, os deuses da atmósfera teñen o rol principal, com'acontez con Zeus antr'os gregos, e con

Indra en certos tempos e en certos meios da India.

Pois o demo, cecais herdeiro d'algús d'istes deuses, tamén pode mover os ventos cando sai do inferno obrigado pol-os conxuros.

Outro caso de tesouro desencantado por casualidade, é o da cabra e mais a becerra do apartado anterior.

E ningunha cousa mais atopamos no folklore dos castros da bisbarra do Carballiño.

F I N



